



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2010-2011, AO ABEIRO DA ORDE DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DO 25 DE XUÑO DE 2010 (DOG 1 DE SETEMBRO DE 2010).

A Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), mediante Orde do 25 de xuño de 2010, realizou unha convocatoria de proxectos para o fomento do uso do galego nos centros que imparten ensinanzas públicas de niveis non universitarios en Galicia, para o curso escolar 2010-2011.

De acordo co previsto no artigo 13 da convocatoria, logo da proposta de cualificación efectuada polas comisións provinciais de cualificación, formadas en cada gabinete provincial de normalización lingüística, segundo o artigo 9 da convocatoria para análise e cualificacións dos proxectos de fomento do uso do galego dos centros públicos. Logo dos acordos adoptados polos representantes da comisión central reunidos en Santiago de Compostela o día 2 de novembro de 2010, en sesión conxunta, fixouse en 20 puntos a valoración mínima da calidade para outorgar o financiamento máximo (2000, 500, 350 segundo o número de alumnos dos centros) e o valor de 58'25 € por punto para calcular o financiamento xeral dos proxectos. Esta Comisión Central de avaliación formula a proposta de Resolución de concesión de axudas dos proxectos admitidos segundo figura na relación anexa. Inclúese tamén a lista de proxectos excluídos coas causas de exclusión.

Así mesmo, segundo o previsto no citado artigo, esta proposta farase pública na web: www.xunta.es/linguagalega e os centros interesados disporán dun prazo de dez días hábiles para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante as xefaturas dos gabinetes de normalización lingüística provinciais. Para maior axilidade na resolución da convocatoria as alegacións poderán adiantarse, vía fax (986 805045) a este Gabinete de Normalización Lingüística.

Pontevedra, 12 de novembro de 2010

A xefa do Gabinete de Normalización Lingüística

Mónica Meilán Pita